

# Excursión

## Complejo de Monterrey

Como cada ano antes de rematar o curso, todo o alumnado do centro acompañado polos nosos mestres facemos unha saída a algún lugar de Galicia para celebrar que chegamos ao final despois de nove meses de traballo e de compartir diario. Este ano lugar elixido foi o complexo de Monterrey.



As piscinas non abrían ata as doce, polo que ao chegar puxémonos a xogar. Tiñamos un parque no que pasar o tempo, pero por si non era suficiente o entretenemento, as mestras levaban preparados varios xogos. Despois de percorrer o parque os pequenos xogaron ao paracaídas e os maiores ao brillé. Fixádevos nas fotos. ¡Que ben o estamos a pasar!



A hora do baño chegou. Estabamos desesperados por entrar, pero mereceu a pena esperar. ¡Cantas piscinas! Para os máis cativos, para os que non saben nadar, para os que si sabemos, a do tobogán, a de olas,...



A verdade e que o calor invitaba a non saír da auga. Pasamos tres horas como patíños a remollo. ¡Tiñádesnos que ver!

Chegou a hora de xantar e polo tanto tivemos que saír da zona de auga.



Situámonos baixo a sombra das árbores e sentados nos bancos de pedra comimos os nosos bocatas con moitas ganas. ¡Vai ser certo que a auga abre o apetito!

Despois reposamos un pouco, tomamos uns xeados, compartimos o que nos parecera o día e voltamos para Oímbra.



¡Pasámolo xenial!

¡FELICES VACACIONES!

